

CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS
INFORME SOBRE A SITUACIÓN SOCIOLABORAL DE GALICIA. 2024



CONCLUSIÓN



EDITA: Consello Galego de Relacións
Laborais (CGRL)
Algalia de Abaixo, 24
Tel.: 981 541 601
Santiago de Compostela

CAPÍTULO 1. A ECONOMÍA GALEGA EN 2024

PRIMEIRA. En 2024 Galicia rexistrou un aumento do PIB (2,8%) menor que o experimentado a nivel nacional (3,4%). O PIB por habitante en Galicia en 2023 foi un 8,1% inferior á media nacional.

SEGUNDA. Do PIB de Galicia no ano 2022 (71,4 miles de millóns de euros) as provincias atlánticas achegan un 76,7% do total. A provincia da Coruña xerou un 43,4% e a de Pontevedra un 34,4% do PIB da comunidade galega.

TERCEIRA. En 2024 Un 35,8 % dos fogares de Galicia non podían permitirse ir de vacacións polo menos unha semana ao ano fóra da súa casa (2,4 puntos porcentuais máis que a media estatal). Un 26,7% dos fogares galegos consideraron que non tiñan capacidade económica para facerlle fronte a gastos imprevistos (9,1 puntos porcentuais menos que a media española). Un 6,0% dos fogares de Galicia afrontaron atrasos nos pagos relacionados coa súa vivenda principal (6 puntos porcentuais por baixo da media española) e un 6,0% dos fogares galegos tiveron moita dificultade para chegar a fin de mes (3,1 puntos porcentuais por baixo da media española).

CUARTA. O saldo neto de comercio exterior de Galicia mellorou notablemente ao longo dos anos, ate situarse en 2024 en 3.964 millóns mostrando unha balanza comercial moi favorable para a comunidade galega. Esta mellora reflicte unha crecente competitividade dos produtos e servizos galegos nos mercados internacionais.

CAPÍTULO 2. ESTRUCTURA EMPRESARIAL E POLÍTICA INDUSTRIAL

PRIMEIRA. En 2024 a comunidade galega rexistra 185.179 empresas, 375 máis que o ano precedente. En termos relativos, Galicia tivo un pequeno aumento (0,2%), respecto ao caso español, o que lle permite manter a quinta posición na participación empresarial no conxunto do Estado (5,7% do total de empresas).

SEGUNDA. A distribución das empresas por sectores económicos amosa unha menor participación no sector “resto de servizos” en comparación coa media estatal (58,6% en Galicia fronte ao 61,7% en España), o que suxire unha menor dependencia dos servizos en comparación co conxunto do país. O peso relativo das empresas industriais, de construción e de comercio é lixeiramente superior na comunidade galega. A construción e o comercio rexistran unha maior participación en Galicia, indicando unha maior relevancia destes sectores na economía galega.

TERCEIRA. A evolución recente da participación das empresas galegas na distribución estatal en función dos estratos de persoal asalariado debuxa un comportamento relativamente estable, aínda que os datos suxiren que a perda de presenza das empresas galegas pode relacionarse co descenso de representatividade das empresas de entre 20 e 49 persoas traballadoras.

CUARTA. A análise das inscricións de empresas segundo a provincia onde estas se producen confirma o papel protagonista da Coruña e Pontevedra, que son as provincias onde se produce un maior rexistro de sociedades.

CAPÍTULO 3. ECONOMÍA SOCIAL

PRIMEIRA. De conformidade coas fontes utilizadas neste informe, a economía social agrupa, no conxunto do Estado, a 43 mil empresas, que dan ocupación a 2,5 millóns de persoas, que aportan á sociedade 11.026 millóns de euros anuais. Esas empresas representan en Galicia o 7% do PIB, cun impacto anual de 850 millóns de euros e a xeración de uns 17.000 empregos directos.

SEGUNDA. En Galicia, en 2022, había 1.265 cooperativas con actividade, ubicadas principalmente nas provincias de A Coruña e Pontevedra. En 2024, foron constituídas 190 cooperativas (138 en 2023), delas o 65,8% na provincia de Pontevedra. O número de sociedades laborais activas en 2023 era de 689, a maioría tamén nas provincias de A Coruña e Pontevedra. En 2024 constituíndose 77 sociedades laborais, delas o 70,1% na provincia de Pontevedra. En 2023, había en Galicia 128 centros especiais de emprego, sendo constituídos 8 en 2024. Os datos referidos a outras entidades da economía social, en 2023, indican que había 14 empresas de inserción; 63 confrarías de pescadores; 1.039 sociedades agrarias de transformación; 3.376 comunidades ou mancomunidades de montes veciñais en man común e catro mutuas de seguros e mutualidades de previsión social.

CAPÍTULO 4. POBOACIÓN E MERCADO DE TRABALLO

PRIMEIRA. En 2024 a poboación en Galicia aumentou en 6.409 persoas (0,2%), ata chegar aos 2.705.833 habitantes. En 2024 A Coruña e Pontevedra seguen a concentrar máis de dous millóns de habitantes (2.076.318), un 76,7% do total da poboación en Galicia.

SEGUNDA. Galicia pechou 2024 con 1.153.000 persoas ocupadas, tras un incremento do emprego no último ano (17.000 postos de traballo). O incremento porcentual da poboación ocupada de Galicia en 2024 (1,5%) foi lixeiramente inferior á do conxunto do Estado (2,2%).

TERCEIRA. En 2024, Galicia (8,7%) presenta unha das taxas de desemprego máis baixas entre as comunidades autónomas de España, aínda que superior a de Madrid e A Ríoxa (ambas cun 8,6%), Cantabria, Castela e León, Baleares e País Vasco (todas cun 8,2%), Asturias (8,1%), Cataluña (7,9%), Aragón (7,6%) e Navarra (6,6%).

CUARTA. Os datos para 2024 indican unha mellora xeral na situación do desemprego en Galicia, cunha redución notable no número total de desempregados e, especialmente, unha caída significativa no número de persoas desempregadas de longa duración.

QUINTA. A formación de demanda ou programada polas empresas experimentou un aumento no número de empresas formadoras e tamén no número de participantes, horas de formación, permisos individuais de formación e crédito disposto, se o comparamos con 2023. A duración media dos cursos baixou lixeiramente. O número de mulleres (46,3%) participantes segue sendo inferior ao de homes (53,7%). Por provincias destaca A Coruña co maior número de empresas formadoras, seguida de Pontevedra.

SEXTA. A distribución das horas de formación segundo o sector de actividade, tanto en España coma en Galicia, concéntrase maioritariamente no sector Servizos chegando ao 73,49% en Galicia e ao 67,2% en España.

CAPÍTULO 5. A MULLER NO MUNDO LABORAL

PRIMEIRA. Mantense unha maior representación dos homes na contratación fronte ás mulleres (48,2% de mulleres en 2024), unida a un elevado uso dos contratos temporais, dos contratos a tempo parcial (63% do total) e un menor concerto de contratos indefinidos, chegando en 2024 ao 46,2% empeorando respecto ao ano anterior.

Hai que destacar que seguen existindo modalidades contractuais eminentemente femininas como o de interinidade (66% do total), que o contrato para a formación e o de prácticas é inferior no grupo de mulleres. O sector servizos e ocupacións como empregada administrativa e traballadoras de servizos de restauración, persoais e de comercio manteñen a maioría feminina. Neste ano dáse un sensible incremento do porcentaxe de mulleres en postos de dirección de empresas, pasando do 32,6% no 2023, ao 43,7% no 2024.

SEGUNDA. Polas características do traballo das mulleres (máis traballo a tempo parcial, subrepresentación en postos altos, menor antigüidade media, maior temporalidade, categorías menos retribuídas altamente feminizadas etc.), as mulleres galegas percibiron un salario medio anual un 18,3% inferior ao do home (lixeira melloría) e o que é moi preocupante o 40,5% das mulleres galegas tiveron ingresos iguais ou inferiores ao salario mínimo interprofesional, 27,7% no caso dos homes.

TERCEIRA. O importe medio das prestacións por desemprego percibidas polas mulleres galegas foi o 94,5% das recibidas polos homes, un 5,4% menos, mellorando con respecto ao ano anterior e gran melloría na evolución dos últimos anos. De igual forma, as pensionistas galegas só percibiron como media o 67% das pensións do grupo de homes, mellorando sobre os últimos anos.

CUARTA. As pensións de xubilación, que son as de maior contía, solo supón o 50,5% das pensións das mulleres e o 76,8% das dos homes.

QUINTA. Do total de persoas que realizan un traballo a tempo parcial por coidado de nenos, nenas ou persoas adultas enfermas, incapacitadas ou maiores, o 93,3% en 2024 son mulleres e o 79,5% do total de persoas traballadoras a tempo parcial con obrigas familiares ou persoais tamén son mulleres, non mellora sobre o ano anterior. Igual que as solicitudes de excedencia por coidado de filla o fillo que son solicitadas por mulleres no 87,7%, situación que lonxe de mellorar, empeora, no mesmo caso están as excedencias por coidado de familiares que son solicitadas no 75% dos casos por mulleres (70,5% no 2023).

CAPÍTULO 6. INICIO DA RELACIÓN LABORAL

PRIMEIRA. Un ano mais, en 2024 segue a tendencia iniciada en 2022 de redución do número de empresas. Si no ano 2023 baixaran en 482 empresas menos que no ano anterior, en 202 baixa substancialmente mais o número en 840 empresas. Fronte a este descenso, non se pode dicir o mesmo respecto de persoas traballadoras estranxeiras e respecto de afiliacións e altas na Seguridade Social, que continúan a senda de crecemento iniciada tres anos antes.

SEGUNDA. A 31 de decembro de 2024, o 74,49% das empresas de Galicia que contan con persoas asalariadas, pertencen ao sector servizos, dando ocupación ao 72,91% das persoas traballadoras (no ano 2023 eran o 74,34% e daban ocupación ao 72,93%). Descende o número de empresas con persoas asalariadas en 2024 en 840 e baixan tamén, aínda que simbolicamente, nas autónomas sen persoal asalariado en dúas. Sendo as empresas organizadas xuridicamente baixo a fórmula de persoa xurídica o 63,21% do total, empregan ao 91,44% das persoas traballadoras por conta allea (91,06% en 2023). Merece destacarse que en 2024 o número de persoas traballadoras en empresas inscritas na Seguridade Social con contrato indefinido chega ao 86,95% do total.

TERCEIRA. Segue a tendencia á alza dos cinco anos anteriores á pandemia, (durante esta, diminuíu), respecto do número de persoas afiliadas á Seguridade Social (17.000 afiliadas máis en Galicia e 504.000 no Estado), superando, nos dous casos, ás cifras de 2015 (primeiro ano que se recolle no correspondente cadro evolutivo), e situándose en parámetros superiores a todo o cadro evolutivo. Se a recuperación de persoas afiliadas en 2022 situouse principalmente no réxime xeral, en 2023 mantén a mesma preferencia e se incrementa no 2024. Por sectores, a meirande parte das persoas traballadoras afiliadas e en alta sitúanse no sector servizos, seguido de industria, construción e agrario, por ese orde. Ascende 99.002 1.992 o número de contratos concertados con persoas traballadoras estranxeiras, (subindo en 1.992), a meirande parte das mesmas concentradas no sector servizos e maioritariamente baixo fórmulas de contratación temporal, baixando lixeiramente no sector agrario. Das contratacións a persoas estranxeiras en 2024, ascende proporcionalmente de forma máis acusada a contratación de persoas comunitarias.

CAPÍTULO 7. CONTRATACIÓN

PRIMEIRA. Se no ano 2023 baixa o número de contratos totais, pero sobe substancialmente o número de contratos indefinidos, no ano 2024 continúa esta tendencia que se inicia a raíz da reforma normativa de 2021. Mención especial merece que se concertaron en Galicia 52.800 contratos fixos discontinuos en 2023 e 47.683 contratos fixos discontinuos en 2024, (a tendencia de tres anos é claramente descendente, tendo en conta que en 2022 se concertaran 59.138), sendo o 46,21% do total das contratacións en mulleres.

SEGUNDA. A rotación do asalariado galego (número de contratos eventuais que, por termo medio, se concertan con cada asalariado temporal) baixou por terceiro ano ata os 2,67 contratos no caso das mulleres e subiu aos 4,26 nos homes en 2024. A media en España foi de 2,78 no grupo de mulleres e de 3,52 no de homes.

Pontevedra e A Coruña, por esa orde, son as provincias nas que máis baixa. Nas catro provincias galegas baixa a contratación temporal e sube a indefinida

TERCEIRA. Mantense unha maior porcentaxe de persoal asalariado temporal, especialmente no colectivo feminino, e tamén se manteñen as distancias entre o grupo de homes e de mulleres entre 2023 e 2024. Seguen existindo determinadas modalidades contractuais maioritariamente femininas como son o contrato de interinidade ou os concertados a tempo parcial, e outras maioritariamente masculinas como o contrato de relevo ou xubilación parcial. Por sectores de actividade, só no sector servizos a contratación das mulleres supera á dos homes.

CAPÍTULO 8. A NEGOCIACIÓN COLECTIVA

PRIMEIRA. A 31 de decembro de 2024 existen en Galicia 1.058 convenios colectivos, xa sexan vixentes ou prorrogados tacitamente, dos cales 122 son de sector e 936 de empresa.

Asináronse por primeira vez este ano 12 convenios de empresa que afectan a 692 persoas traballadoras (374 homes e 318 mulleres).

SEGUNDA. Durante o ano 2024 asináronse e/ou revisáronse 156 convenios colectivos (110 convenios asinados e 46 revisados), dos que 43 son de sector (16 convenios asinados e 27 revisados) e 113 son de empresa (94 convenios asinados e 19 revisados).

Afectaron estes convenios a 208.624 persoas traballadoras, das que 134.633 son homes e 73.991 mulleres.

TERCEIRA. O incremento salarial pactado (media ponderada) nos convenios asinados e revisados este ano en Galicia foi do 3,45%, media superior ao IPC galego (2,7%) e ao estatal (2,8%).

Recollen cláusulas de revisión salarial o 51,82% dos convenios asinados e o 39,13% dos revisados este ano.

Teñen pactos de ultraactividade o 72,73% dos convenios asinados neste ano (o 62,50% dos de sector e o 74,47% dos de empresa).

A xornada media pactada (media ponderada) nos convenios asinados e revisados en 2024 que a regulan de xeito anual foi de 1.756,46 horas, sendo nos convenios de empresa de 1.717,97 horas e nos de sector de 1.760,88 horas.

O 67,27% dos convenios colectivos asinados no ano 2024 establecen unha xornada anual inferior á máxima legal (9 convenios de sector e 65 de empresa).

CUARTA. No ano 2024 existe participación de mulleres na comisión negociadora en 89 convenios, o 80,9% do total dos asinados este ano. Afectan estes convenios a 46.195 persoas traballadoras (o 89,6%), das que 23.438 son homes e 22.757 mulleres.

O número de mulleres que participaron nas comisión negociadoras foi de 110 mulleres por parte das empresas e/ou organizacións empresariais (un 33% fronte a 225 homes, un 67%) e 215 mulleres por parte das organizacións sindicais (un 30% fronte a 497 homes, un 70%)..

CAPÍTULO 9. SINISTRALIDADE LABORAL

PRIMEIRA. En 2024, os accidentes en xornada de traballo con baixa en Galicia (28.927) supoñen unha baixada do 0,8% respecto dos de 2023 (29.156), e unha subida do 2,5% respecto dos de 2022 (28.209). No conxunto do Estado (540.314), hai unha baixada do 3,3% respecto de 2023 (558.936), baixada que é do 5,4% respecto de 2022 (571.274). No caso dos accidentes de traballo graves (423 en Galicia e 3.766 en España), hai unha subida en Galicia do 7,6% respecto de 2023 (393) e unha baixada do 3% respecto de 2022 (436); mentres que en España hai unha baixada do 4,0% respecto de 2023 (3.924), que é do 4,9% respecto de 2022 (3.962). No caso dos accidentes mortais (61 en Galicia e 646 en España) hai tamén una subida en Galicia do 8,9% respecto de 2023 (56), e unha baixada 10,3% respecto dos de 2022 (68). En España, hai unha subida do 4,9% respecto dos de 2023 (616), e unha baixada do 9,1% respecto de 2022 (711).

Ese total de accidentes en xornada de traballo con baixa en Galicia supón, en 2024, un 5,3% do total estatal, fronte ao 5,2% de 2023, e o 4,9% de 2022. Non obstante, os accidentes graves, en 2024, supoñen o 11,2% dos acontecidos en toda España, (o 10,0% en 2023 e o 11% en 2022), e os mortais, en 2024, o 9,4% (o 9,1% en 2023 e o 9,6% en 2022).

SEGUNDA. Nos desprazamentos, sexan en xornada de traballo ou in itinere, ocorreu o 27,3% dos accidentes laborais (o 30,2% en 2023 e 2022). Esta porcentaxe elévase nos accidentes graves ata o 37,1% (o 41,6% en 2023 e o 40,6% en 2022) e medra aínda máis no caso dos mortais, pois supuxeron o 41,8% (o 46,8% en 2023 e o 64,0% en 2022).

É dicir, algo máis de catro de cada dez dos accidentes de traballo mortais ocorridos en Galicia en 2024 tiveron como causa determinante inmediata un desprazamento. Estes datos alertan da importancia que teñen factores exógenos aos centros de traballo na sinistralidade laboral e que, polo mesmo, deben estar moi presentes nas políticas de prevención de riscos laborais das empresas.

TERCEIRA. Analizando as cifras de accidentes ocorridos en xornada de traballo con baixa en todas as comunidades autónomas, Galicia ocupou, en 2024, o sexto lugar en número total de accidentes (igual que en 2023; en 2022 ocupara a sétima posición e, en 2023 e 2021, a sexta). No que atinxe á gravidade, nos accidentes leves, a posición foi igualmente a sexta (igual que en 2021, fronte á sétima de 2022), precedida, neste caso, por Andalucía, Cataluña, Comunidade Valenciana, Madrid e País Vasco; o terceiro lugar no que atinxe aos accidentes graves (en 2023 foi a quinta e en 2022 e 2021 a terceira), precedida neste caso tan só por Andalucía e Cataluña; e o quinto lugar no que ten que ver cos accidentes mortais (igual que en 2023, 2022 e 2021), precedida aquí a nosa comunidade autónoma por Andalucía, Cataluña, Comunidade Valenciana e Madrid.

CUARTA. Respecto dos índices de incidencia, ven sendo habitual que Galicia teña, para o total dos accidentes de traballo, mellores índices de incidencia que o da maioría das comunidades autónomas, algo que tamén ocorreu en 2024, en que Galicia ocupou a décimo terceira posición, igual que en 2023, a segunda mellor da serie que analizamos, despois da de 2022, en que foi a décimo sexta.

Non obstante, ocorre algo ben distinto para o caso dos accidentes de traballo mortais en xornada de traballo (cadro 9.49.2). De acordo con estes datos, que para Galicia, insistimos, son os subministrados polo ISSGA, entre 2013 e 2024 Galicia estivo sempre entre as catro comunidades autónomas cun maior índice de incidencia. En 2024, só tres comunidades autónomas tiveron un maior índice de incidencia de accidentes mortais: Navarra, Castela- A Mancha e Estremadura.

CAPÍTULO 10. CONFLITIVIDADE E MEDIOS DE SOLUCIÓN DE CONFLITOS DE TRABAJO

PRIMEIRA. No ano 2024, cambia a tendencia de crecemento de folgas que se iniciara logo da pandemia no conxunto do Estado, non así en Galicia. A recuperación que se produce no ano 2021, en certa medida cunha recuperación de parámetros de normalidade en todos os eidos sociolaborais, maniféstase en que medra o número de folgas en 119 folgas máis, as persoas participantes en 47.530 persoas máis, e non obstante, caen as xornadas non traballadas en 117.764 xornadas menos. No ano 2022 hai 73 folgas máis, chegando a cifra ata as 679 folgas, medran en case 300.000 as xornadas non traballadas, pero hai 6.275 persoas en folga menos que no ano anterior. No ano 2023 hai 99 folgas máis, 102.009 participantes máis, 279.030 xornadas non traballadas máis e 21.876 centros convocados máis. Fronte a isto, no ano 2024 hai 71 folgas menos, descenden as persoas participantes en 63.000, 285.000 xornadas non traballadas menos e 800.000 participantes menos. No caso de Galicia, o sector servizos supera en case o dobre o número de participantes, igual que no ano 2023. En xornadas non traballadas é moi superior tamén a cifra do sector servizos, que multiplica por dous ás xornadas non traballadas na industria. Apréciase así mesmo en Galicia unha gran diferenza de cifras das folgas provinciais fronte ás estatais. Se no ano 2022 sube o número ata 46 folgas (33 provinciais e 13 autonómicas), no ano 2023 segue a suba a 68 folgas (51 provinciais e 17 autonómicas) e no ano 2024 sobe a 77 folgas, 62 provinciais e 15 autonómicas, desagregándose por provincias as que foron de empresa ou de sector, e neste mesmo ano provincialmente crece tamén o número ata chegar a 62 folgas realizadas das 132 convocadas, case todas de empresa.

SEGUNDA. No que atinxe ao AGA, no ano 2024 iniciáronse 130 expedientes, (34 expedientes por baixo do ano anterior, pero boa cifra se atendemos ao histórico do procedemento). Estes expedientes afectaron, con actuación rematada, a 164 empresas e 14.681 persoas traballadoras. Sobre o total de mediacións e arbitraxes levadas a cabo polo AGA, a efectividade acadada ao longo do ano 2024 foi do 60,76%, unha porcentaxe lixeiramente inferior ao ano anterior. O total destes procedementos foron conciliacións ou mediacións que afectaron a 14.681 persoas traballadoras e 164 empresas. Non se tramitou ningunha arbitrase.

Atendendo aos expedientes iniciados por sector de actividade da empresa ou sector, ao longo de 2024 o 59% dos expedientes presentados correspondían a empresas ou subsectores integrados no sector servizos, é dicir, preto de dous de cada tres expedientes corresponden a este sector de actividade. Dos restantes, case todos corresponden ao sector industrial, agás dous na construción. A meirande parte dos expedientes e persoas e empresas afectadas corresponden coa provincia de A Coruña e Pontevedra por esa orde.

CAPÍTULO 11. REGULACIÓN DE EMPREGO E FOGASA

PRIMEIRA. As persoas afectadas en cómputo global de las catro provincias galegas en 2024 descendeu un 32,9%. Este descenso se deu nos procedementos de Suspensión e Redución de xornada e aumenta nos de Despido colectivo (18,7%).

O maior número de persoas afectadas concéntrase no sector Industria, seguido do sector de Servicios e tamén son estes dous sector onde dade o maior descenso sobre o 2023.

Desagregando por sexo no 2024 en todas as medidas de regulación de emprego , hai máis homes afectados que mulleres,(29,4% mulleres e 70,6% homes). Comparando Galicia co resto das CC.AA. apréciase que as persoas afectadas na nosa comunidade supuxeron un 5.2% do total

SEGUNDA. En Galicia aumento o número de persoas afectadas por as resolucións do FOGASA en un 10%, mentres no conxunto do Estado o aumento do número de persoas beneficiarias das resolucións do FOGASA, chega ao 8,6% mais que en 2023. As provincia galega máis afectada por dichas resolucións foron Pontevedra e A Coruña. O número de persoas afectadas so aumenta en Ourense e Pontevedra e na Coruña e Lugo redúcese.

CAPÍTULO 12. PROTECCIÓN SOCIAL

PRIMEIRA. Galicia é unha das CC. AA. con maior porcentaxe de pensionistas, situándose en 2024 no 7,7%, unha porcentaxe moi superior á participación da poboación galega no total estatal (5,6%). En 2024, a diferenza entre a pensión media nacional e a de Galicia é de 174,01 euros, sendo a pensión media en Galicia de 1.081,42 euros fronte aos 1.255,43 euros da media nacional (un 16% inferior).

SEGUNDA. Analizando a situación para Galicia, a relación entre persoas activas e pasivas na Seguridade Social non deixa de caer dende 2010 (1,81), situándose en 1,83 en 2024. Ademais, a situación por provincias é moi distinta. As que sistematicamente presentan un peor comportamento son Ourense e Lugo. Para 2024, a ratio en Ourense era de 1,38 e en Lugo de 1,56. Este resultado contrasta co 2,04 de Pontevedra e o 1,91 da Coruña. A media estatal é de 2,65 (case o dobre do resultado obtido para a provincia de Ourense).

TERCEIRA. En 2023 o número de beneficiarios por prestacións por desemprego reduciuse en Galicia ata os 82.515 o que reflicte a cifra máis baixa de toda a serie empregada. O número de persoas beneficiarias en Galicia supón o 4,6% do total nacional.

CUARTA. En 2024 produciuse en Galicia un descenso de 236 pensionistas de pensións non contributivas. En 2024, en Galicia, as pensións de invalidez diminuíron en 475, e as de xubilación aumentaron en 239. Non obstante, estas, en número de 24.318, constitúen as maioritarias. Por provincias, a maior parte das persoas que perciben unha pensión non contributiva en 2024 son das provincias da Coruña e Pontevedra (13.505 e 13.755, respectivamente).

CAPÍTULO 13. ELECCIÓNS SINDICAIS

ÚNICA. Analizando os resultados dos procesos electorais en Galicia do período 2021/2024, constátase que a Confederación Intersindical Galega (CIG), cun resultado do 30,56% do total de persoas elixidas, é a que obtivo maior número de representantes, seguida pola Unión Xeral de Traballadores (UGT- Galicia), co 25,93%, e polo Sindicato Nacional de CCOO de Galicia, co 24,90%. O resto das entidades sindicais obtiveron un resultado global que non chegou ao 19%. En todos os casos, os resultados son similares aos do período 2020/2023.

Ademais, no período reflectido, a CIG foi primeira forza sindical na Coruña e Pontevedra, segunda en Ourense (se ben a suma de “outros” en Ourense, representaría ese segundo lugar); e terceira en Lugo. UGT- Galicia foi primeira forza en Lugo e Ourense, e segunda na Coruña e Pontevedra. Finalmente, o S.N. de CCOO de Galicia resultou ser segunda forza en Lugo; e terceira na Coruña, Pontevedra e Ourense.

CGRL.GAL/ES



CONSELLO GALEGO
DE RELACIÓNS LABORAIS